

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

RESOLUCIÓN do 19 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as bolsas concedidas ao abeiro da Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento PR809A).

No DOG número 124, do 1 de xullo de 2021, publicouse a Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento PR809A).

Logo da tramitación establecida nas bases reguladoras, con data do 13 de setembro de 2021, o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, ditou resolución de adxudicación de seis bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional, que se desenvolverán durante os anos 2021 e 2022.

Logo da renuncia dunha das persoas beneficiarias das bolsas e de conformidade co disposto na base décimo segunda da Orde do 18 de xuño de 2021, con data do 16 de setembro de 2021, o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, adoptou a resolución pola que se lle concede a unha nova persoa adxudicataria unha das bolsas convocadas pola Orde do 18 de xuño de 2021.

Posteriormente, tras a renuncia de dúas persoas beneficiarias das bolsas, con data do 18 de outubro de 2021, o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, adoptou a resolución pola que se lles conceden a dúas novas persoas adxudicatarias as bolsas convocadas pola Orde do 18 de xuño de 2021.

Conforme o establecido na base sétima, punto un, da Orde do 18 de xuño de 2021, deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Con estas bolsas preténdese apoiar a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento, coa finalidade de complementar a formación académica das persoas tituladas universitarias con estadias na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, nas unidades de cooperación no exterior (UCE) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto no convenio suscrito entre esta axencia e a Xunta de Galicia, ou nas oficinas das axencias da Organización das Nacións Unidas.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* a relación das bolsas concedidas ao abeiro da Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 124, do 1 de xullo), segundo se detalla no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2021

Jesús Gamallo Aller
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

ANEXO
Persoas adxudicatarias

Apelidos	Nome	Destino	Subvención concedida	Aplicación orzamentaria
Presedo Rama	Clara	Oficina Técnica da Cooperación Española na República Dominicana	17.400 €	05.26.331A.480.0
Rodríguez Villagarcía	Aitor	DXRREE e UE Santiago de Compostela	12.000 €	05.26.331A.480.0
González Veiga	Irene	Oficina Técnica da Cooperación Española no Perú	17.400 €	05.26.331A.480.0
Gómez Vales	Laura	Oficina Técnica da Cooperación Española en Mozambique	17.400 €	05.26.331A.480.0
Fernández de la Cruz	Sandra	Oficina Técnica da Cooperación Española en Guatemala	16.200 €	05.26.331A.480.0
Visos Varela	Irene	DXRREE e UE Santiago de Compostela	11.000 €	05.26.331A.480.0
Díaz Rodríguez	Mateo	Oficina Técnica da Cooperación Española en Guatemala	232 €	05.26.331A.480.0
Varela Menéndez	Jacobo	DXRREE e UE Santiago de Compostela	258 €	05.26.331A.480.0

